



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

PROVIDENCIA DA ALCALDÍA

Logo de ver a proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais, Igualdade, Atención ao Cidadán e Transparencia, de data 05-10-2020, relativa á formación dunha bolsa de emprego formada por persoas en situación de desemprego, e que pertencen aos colectivos máis desfavorecidos e que son os que máis están a sufrir a crise actual.

Esta alcaldía considera ao igual que a concelleira que dada a situación laboral da poboación de Ponteceso cunha gran incidencia de desemprego no colectivo de mulleres e mozas, menores de 30 anos, maiores de cincuenta anos, así como outras persoas en risco de exclusión social ou outras situacións que impiden ou menoscaban o acceso ao emprego, e dado que a situación actual agravouse nos últimos meses pola incidencia do COVID 19, considera necesario acometer un plan de emprego social para afrontar esta situación, poñendo os medios e os recursos municipais necesarios para afrontar a mesma e paliar a situación, na medida do posible. Ao mesmo tempo existen necesidades de persoal de servizos, para realizar tarefas de limpeza de vías públicas e camiños municipais, ao non contar con persoal suficiente o cadro de persoal municipal, como operarios de servizos múltiples polo que se cumpriría un dobre obxectivo, cubrir unha necesidade, que é competencia municipal, e cumprir o obxectivo de favorecer o emprego no termo municipal, facilitando o acceso ao emprego aos colectivos máis desfavorecidos, e paliar dentro do posible a situación socio-laboral provocada pola crise sanitaria do Covid-19. Estímase que a necesidade inicial sería de 10 operarios de servizos múltiples durante seis meses.

Por todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente

DISPOÑO

Primeiro.- Que se proceda a iniciar o proceso para a formación dun Plan de Emprego Social a executar inicialmente en 2020-2021, no que inicialmente participarían 10 traballadores/as, como operarios de servizos para o que se elevará pola Traballadora Social se emita un informe no que consten os criterios que deberan priorizarse para a selección de traballadores en situación de desemprego, no que se contemplan as circunstancias de pertenza aos colectivos máis desfavorecidos, como mulleres e mozas, menores de 30 anos, así como outras persoas en risco de exclusión social ou outras situacións que impiden ou menoscaban o acceso ao emprego, como mulleres e mozas, menores de 30 anos, maiores de cincuenta anos, así como outras persoas en risco de exclusión social ou outras situacións que impiden ou menoscaban o acceso ao emprego.

Segundo.- Que pola Intervención Municipal se proceda á retención de crédito precise para poder acometer o Plan de Emprego Social de 2020-2021, e a súa fiscalización posterior cando se complete o expediente.

Terceiro.- Que polo técnico de Administración Xeral, coordinador xeral, se proceda a elaborar unha proposta de bases que rexerán o proceso selectivo, contemplando os criterios socio laborais que se estimen pola traballadora social.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Ponteceso, 6 de outubro de 2020.

O alcalde

Xosé Lois García Carballido.